

COMUNICADO COMITE EMPRESA SASU SL

O Comité de empresa de SASU SL. (empresa adxudicataria do servizo de Urxencias Sanitarias de Galicia 061), e en representación de todos os traballadores que desenvolven as súas funcións como Técnicos en Emerxencias Sanitarias nas ambulancias do 061 de Galicia da nomeada empresa, manifestamos o noso rexeitamento e condena absolutos ante ás agresións físicas e verbais sufridas por un traballador e unha traballadora desta mesma empresa, durante o desenvolvemento da súa actividade profesional na madrugada do 19 de Outubro do presente ano.

Do mesmo xeito mostrar o noso apoio público ao compañeiro e compañeira, aos que esperamos unha pronta recuperación total das lesións.

Estamos a ser testemuñas, nos últimos anos, do incremento das agresións aos profesionais das emerxencias, e resultanos inaceptable ter que aturar situacións deste tipo que se viven a diario, e que grazas á experiencia e profesionalidade dos traballadores, habitualmente se resoven pola xestión impecable da situación, pero que noutras ocasións resultan totalmente inevitables. Esta situación vese agravada cando a xestión dende a Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias non é a que entendemos como correcta, debendo poñer por diante a saúde e seguridade dos traballadores que prestan dito servizo, no canto de preocuparse máis pola operatividade dun recurso, alegando que é responsabilidade da empresa adxudicataria a protección dos traballadores nese mesmo momento.

Pola nosa banda, este incidente será obxecto de seguemento na Comisión de Seguridade e Saude Laboral, co obxectivo de clarificar o sucedido e adoptar as medidas oportunas máis eficaces para que tales feitos non se repitan nin coa frecuencia actual, nin con esta gravidade, revisando, modificando ou creando protocolos que poñan o foco nesta problemática e na súa prevención.